


**ACTA N.º 03/2021**

**SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO PROVINCIAL DE TURISMO**

<b>DATA</b>	Xoves, 2 de DECEMBRO de 2021
<b>HORA</b>	19:00 horas
<b>LUGAR</b>	Salón de plenos do Pazo Provincial de San Marcos (Lugo)
<b>ASISTENTES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VICEPRESIDENTA: M<sup>a</sup> DEL PILAR GARCÍA PORTO</li> <li>• SECRETARIO: JOSÉ ANTONIO MOURELLE CILLERO</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PSDG: PABLO RIVERA CAPÓN (TITULAR)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PSDG: MAYRA GARCÍA BERMÚDEZ (TITULAR)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: DOLORES CASTRO OCHOA (SUPLENTE)</li> <li>• CONSORCIO DE TURISMO DA RIBEIRA SACRA: LUIS FERNÁNDEZ GUITIÁN (TITULAR)</li> <li>• CLUSTER DE TURISMO DE GALICIA: JACOBO GARCÍA – BOBADILLA PROSPER (SUPLENTE)</li> <li>• ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO NA PROVINCIA DE LUGO: ANGEL TRABADA GÓMEZ (TITULAR)</li> <li>• ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA E TURISMO DE LUGO - APEHL: JOSÉ FRANCISCO REAL CASTRO (TITULAR)</li> <li>• ASOCIACIÓN GALEGA DE AXENCIA DE VIAXES- AGAVI: JUAN ANTONIO RIBADULLA FERNÁNDEZ (TITULAR)</li> <li>• XEFE DE ÁREA CULTURA E TURISMO: MERCEDES LAMELA LÓPEZ.</li> <li>• EXPERTO ÁMBITO UNIVERSITARIO: MIGUEL PAZOS OTÓN.</li> <li>• RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ: ANDREA MACHO BENITO (TITULAR)</li> <li>• RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO: LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (TITULAR)</li> </ul>

	IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4	<b>Fecha y Hora</b>	02/02/2022 14:55:03	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4</a>	<b>Página</b>	1/8	

	IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY	<b>Fecha y Hora</b>	04/02/2022 13:56:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO			
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY</a>	<b>Página</b>	1/8	

## ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do Consello Provincial de Turismo celebrada con data 2 de setembro de 2021.
- 2.- Dación de conta das principais accións realizadas polo Servizo de Turismo no ano 2021.
- 3.- Rogos e preguntas.

## DESENVOLVEMENTO

No Salón de Plenos do Pazo Provincial de San Marcos, ás 19:11 horas, toma a palabra a Vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo, Dona Pilar García Porto, dando a benvinda aos asistentes a esta sesión ordinaria do Consello de Turismo, invitando ao secretario D. José Antonio Mourelle Cillero a cotexar o listado de asistentes, informando que hai quórum suficiente.

Acto seguido, dase paso aos correspondentes puntos que integran a orde do día:

### 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do Consello Provincial de Turismo celebrada con data 2 de setembro de 2021.

A Vicepresidenta do Consello de Turismo pregunta aos asistentes se desexan formular algunha cuestión relativa ao acta da reunión anterior. Ao non pórse de manifesto ningunha cuestión, sométese a votacións, quedando aprobada por unanimidade.

### 2.- Dación de conta das principais accións realizadas polo Servizo de Turismo no ano 2021.

Toma a palabra a Vicepresidenta do Consello de Turismo sinalando que, antes de indicar as principais accións realizadas polo Servizo de Turismo, gustaríalle salientar que os múltiples proxectos postos en marcha tiveron como obxectivo prioritario apoiar ao sector turístico como sector estratéxico da nosa provincia e colaborar así en axudar a reducir o impacto que as restricións da pandemia produciu ademais de impulsar un modelo de turismo de calidade, sostible e non masificado e de experiencias que poña en valor o noso patrimonio, algo no que se leva traballado xa fai moito tempo e que se viu revalidado coa chegada da Covid-19.

Continúa dicindo que este foi o ano na que se procurou manter a colaboración coas organizacións profesionais e non profesionais do sector, escoitar as súas demandas e necesidades así como a colaboración permanente cos concellos, estamos convencidos que os avances en materia de turismo pasan a través do diálogo e da colaboración.

Pasa a expoñer, cun pouco máis de detalle, as actuacións levadas a cabo ao longo do ano 2021:


#### 1.-Miña aula: Taller de Turismo.

Esta iniciativa tivo por obxectivo organizar unha actividade escolar nos centros de Educación Primaria da provincia de Lugo co fin de levar ás aulas a importancia e valores do fenómeno do

	IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4	Fecha y Hora	02/02/2022 14:55:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4</a>	Página	2/8



	IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY	Fecha y Hora	04/02/2022 13:56:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY</a>	Página	2/8



turismo na sociedade moderna, centrando as actividades e propostas na realidade actual e futura da provincia de Lugo.

Con este fin, creáronse os materiais necesarios para, cunha fórmula de matices lúdicos, propiciar o desenvolvemento dun taller teórico e práctico en cada aula participante. O espazo temporal para o desenvolvemento desta iniciativa foi dunha semana escolar.

Os contidos xiraron en torno a estas temáticas:

- Provincia de Lugo, destino turístico.
- Turismo, fonte de cultura.
- Alternativas laborais do turismo.
- Creatividade para o fomento do turismo en distintos ámbitos territoriais.

A distribución do libro ilustrado chegou a 4.900 escolares e ao seu profesorado, cunha acollida moi positiva nos centros, sobre todo nun ano moi complexo para eles.

#### 2.-Programa Actívate

Desenvolvido nas fins de semana dos meses de maio e xuño de 2021, “Actívate” sumouse ás accións contempladas no denominado Plan de Impulso da Economía da Provincia de Lugo como unha proposta para reactivar o turismo de proximidade a través dunha programación de 18 actividades gratuítas de media xornada, dirixidas ao público xeral e concibidas baixo as temáticas de turismo activo (kaiak, surf, sendeirismo, BTT...), turismo científico (astronomía, xeoloxía, rastrexo, viticultura, ornitoloxía...) e mindfulness (ioga, Tai Chi, baños de bosque...).

En total, e a pesar das restricións e limitacións de capacidade puideron desfrutar das actividades de “Actívate” un total de 160 participantes. En cada actividade puxéronse a disposición entre 8 e 15 prazas, atendendo á normativa sanitaria vixente en cada momento en materia de cabidas e limitacións aplicables a grupos turísticos guiados ou actividades no medio natural.

#### 3.-Programa de Actividades Fluviais.

Co fin de impulsar a oferta de lecer estival e contribuír a poñer en valor as posibilidades de aproveitamento lúdico e sostible das áreas recreativas fluviais da provincia e dinamizar a vida social e económica dos concellos, a Deputación de Lugo organizou un ano máis este programa de actividades de carácter gratuíto, dirixidas ao público familiar e nenos/as maiores de 6 anos, con alternativas como kaiak, paddle surf, inchables, e outros xogos acuáticos.

O programa desenvolveuse en 10 localidades distintas do interior da provincia de Lugo.

#### 4.-Programa “Saborea a túa provincia”

Saborea a túa provincia foi outro dos programas incluídos no denominado Plan de Impulso da Economía da Provincia e concibido como unha experiencia gastronómica de carácter itinerante pensada para presentar unha mostra representativa dos máis destacados produtos

	IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4	<b>Fecha y Hora</b>	02/02/2022 14:55:03	
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4</a>	<b>Página</b>	3/8	

	IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY	<b>Fecha y Hora</b>	04/02/2022 13:56:44	
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
<b>Firmado por</b>	PILAR GARCÍA PORTO			
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY</a>	<b>Página</b>	3/8	

gastronómicos de proximidade e promocionar a labor de toda a cadea de valor ligada á gastronomía lucense, dende os produtores/as locais ata os cociñeiros/as.

O programa organizouse en nove eventos que se celebraron entre finais de xullo e o mes de agosto de 2021, cun desenvolvemento similar, presentando diferentes espazos coas súas actividades: concertos, coloquios e conferencias, demostracións culinarias a cargo da Asociación de Cociñeiros de Lugo (show cooking), escaparate de promoción de produtos, degustacións, espectáculos de maxia, obradoiros de cociña para os nenos e nenas, sorteos de produtos gastronómicos lucenses, etc.

Con *Saborea a túa provincia* tamén se aplicaron as restrición impostas polas autoridades sanitarias, aplicando unha limitación de cabida do participantes.

#### 5.-Programa “Coñece a túa provincia”


Coñece a túa provincia é un programa dirixido a entidades sen ánimo de lucro da provincia de Lugo que consiste na realización de excursións dunha xornada de duración que se articulan en 37 itinerarios diferentes, abarcando unha mostra representativa do patrimonio cultural, natural e gastronómico de cada un dos 67 concellos da provincia de Lugo.

Os obxectivos específicos deste programa, formulado inicialmente para as anualidades 2021 e 2022 e concebido dentro do Plan de Impulso da Economía da Provincia, son os seguintes:

- Contribuír á reactivación da hostalería e do turismo provincial para axudar a paliar os efectos adversos provocados pola pandemia da Covid 19, favorecendo a creación e mantemento do emprego directo e indirecto.
- Apoiar e dar visibilidade tanto aos diferentes destinos como aos establecementos e profesionais que forman parte da cadea de valor do sector do turismo e da hostalería na provincia de Lugo.
- Contribuír á recuperación da confianza da demanda turística e á promoción da provincia de Lugo como destino seguro.
- Servir como instrumento de sensibilización das veciñas e veciños sobre o potencial turístico dos 67 concellos da provincia de Lugo e da importancia da preservación do seu legado natural e cultural como elemento que contribúe ao desenvolvemento sostible no eido económico, social e medioambiental.
- No marco da Axenda 2030 (meta 8.9), impulsar un turismo sostible, que cree postos de traballo e promova a cultura e os produtos locais.

As excursións teñen carácter gratuíto para as entidades participantes e inclúen o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar, entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia de Lugo. Os grupos van acompañados en todo momento por guías acompañantes, sendo as visitas realizadas por profesionais que contan coa habilitación de guías oficiais de turismo de Galicia e polo persoal encargado da atención ao público nas diferentes visitas sinaladas nos itinerarios do programa.

	IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4	<b>Fecha y Hora</b>	02/02/2022 14:55:03	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4</a>	<b>Página</b>	4/8	

	IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY	<b>Fecha y Hora</b>	04/02/2022 13:56:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
<b>Firmado por</b>	PILAR GARCÍA PORTO			
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY</a>	<b>Página</b>	4/8	

En total, recibíronse para a primeira edición do programa un total de 143 solicitudes, podendo participar finalmente un total de 66 entidades, que foron seleccionadas por estrita orde de presentación da súa solicitude de participación no programa por rexistro.

#### 6.-Día da Transrománica

O 1 de xaneiro de 2021, a Deputación de Lugo entrou a formar parte da asociación TRANSROMANICA, THE ROMANESQUE ROUTES OF EUROPEAN HERITAGE e V. como membro de pleno dereito logo da presentación dunha candidatura da que formaron parte dez igrexas da Ribeira Sacra Lucense.

A Ruta Transrománica está recoñecida oficialmente co selo de Itinerario Cultural do Consello de Europa e trátase dunha das principais rutas culturais paneuropeas.

Tendo en conta que a Ribeira Sacra lucense acolle unha das maiores concentracións desta arte no continente europeo, con esta iniciativa a Deputación pretende contribuír á internacionalización do románico da provincia de Lugo, ao tempo que se impulsa un turismo de calidade, de experiencias, respetuoso coa contorna, que pon en valor a riqueza patrimonial e con capacidade para atraer visitantes ao longo de todo o ano, contribuíndo a crear emprego e fixar poboación.

Como membro da TRANSROMANICA, a Deputación de Lugo organizou por primeira vez e coincidindo co Día de Europa, o 9 de maio de 2021, a I Xornada de Portas Abertas ao Románico da provincia, ofertando un total de catorce rutas guiadas que achegaron a un cento de persoas das catro provincias galegas algúns dos edificios máis emblemáticos do románico lucense.

Dende a TRANSROMANICA teñen previsto volver celebrar no 2022 novamente o 9 de maio como Día da TRANSROMANICA, polo que solicitaron a colaboración dos membros adheridos á entidade para celebrar actividades conmemorativas desta efeméride.

#### 7.-Asistencia a feiras e accións promocionais

##### 7.1.- Fitur


A Deputación de Lugo participou como coexpositora coa Axencia de Turismo de Galicia en maio de 2021 nunha nova edición de Fitur marcada pola pandemia da Covid 19. O lema da presentación da Deputación deste ano foi LUGO, LA PROVINCIA ES TU CAMINO, un leitmotiv co que se convidou aos asistentes a peregrinar a Santiago por algún dos itinerarios xacobeos que atravesan a nosa provincia. A presentación do acto correu a cargo do metereólogo de raíces lucenses Martín Barreiro e nel presentáronse dous novos traballos audiovisuais do Servizo de Turismo cuxa temática está vinculada cos itinerarios xacobeos.

##### 7.2.- Fine. Wine Tourism Expo

En xuño de 2021, a Deputación de Lugo participou como entidade expositora no evento FINE, WINE TOURISM EXPO en Valladolid, dirixido ao público profesional relacionado co mundo da enoloxía e do enoturismo. Nesta ocasión, a protagonista foi a Ribeira Sacra lucense e a súa viticultura.

##### 7.3.- Turexpo

	IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4	<b>Fecha y Hora</b>	02/02/2022 14:55:03	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4</a>	<b>Página</b>	5/8	

	IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY	<b>Fecha y Hora</b>	04/02/2022 13:56:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
<b>Firmado por</b>	PILAR GARCÍA PORTO			
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY</a>	<b>Página</b>	5/8	

En setembro de 2021, a Deputación de Lugo participou como expositora na feira Turexpo, celebrada no marco dunha nova edición da Semana Verde de Galicia. Nesta edición, que rexistrou unha alta afluencia de visitantes a pesar da pandemia, observouse un cambio no perfil das persoas asistentes a esta feira, que amosaron gran interese pola provincia de Lugo, en especial polas comarcas de Ancares e Courel, así como por actividades para facer en familia e sendeirismo.

#### 7.4.- Xantar

Entre os días 3 e 7 de novembro, o recinto de Expourense acolleu a vixésima segunda edición do Salón Internacional de Turismo Gastronómico "Xantar". A provincia de Lugo participou unha edición máis como entidade expositora, contando cun día dedicado no que se ofreceu un showcooking a cargo da Asociación de Cociñeiros de Lugo.

#### 7.5.- Fairway

Entre os días 7 e 9 de novembro celebrouse a cuarta edición de Fairway, IV Forum do Camiño de Santiago, no que a Deputación de Lugo participou como expositora ofrecendo información sobre os itinerarios xacobeos da provincia de Lugo tanto ao público xeral como ao público profesional que durante o evento visitou o espazo da feira. Igualmente, informouse ás entidades profesionais colaboradoras da Deputación de Lugo sobre a posibilidade de participar no Workshop B2B para presentar a súa oferta e establecementos situados na contorna dos Camiños de Santiago

#### 7.6.-Feira do San Isidro da Milagrosa

En setembro participou nesta feira que promociona os produtos gastronómicos da provincia de Lugo.

#### 8.-Publicacións:

Ao longo deste ano 2021, dende o Servizo de Turismo impulsouse a edición de dúas publicacións:

##### 8.1.- Libro *Antas de Ulla no centro xeográfico de Galicia*.


8.2.- A guía e vídeo promocional *Lugo Románico*: un proxecto editorial co que a Deputación de Lugo quere contribuír a poñer en valor e divulgar a totalidade do patrimonio románico da provincia. Nesta publicación, de gran calidade visual, están presentes 55 monumentos románicos da Ribeira Sacra. A guía foi editada en galego, castelán e inglés.

#### 9.-Estudo de accesibilidade turística na Ribeira Sacra.

En colaboración coa entidade Auxilia estase a desenvolver un estudo de accesibilidade dunha serie de bens turísticos situados na Ribeira Sacra Lucense, abarcando en concreto algunhas adegas, museos, centros artesáns e miradoiros

Os obxectivos específicos desta acción son os seguintes:

	IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4	<b>Fecha y Hora</b>	02/02/2022 14:55:03	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4</a>	<b>Página</b>	6/8	

	IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY	<b>Fecha y Hora</b>	04/02/2022 13:56:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
<b>Firmado por</b>	PILAR GARCÍA PORTO			
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY</a>	<b>Página</b>	6/8	

- Facilitar ás persoas con discapacidade información concreta sobre a accesibilidade que presenta a Ribeira Sacra e a súa oferta turística complementaria.
- Ofrecer exemplos de boas prácticas aos empresarios do sector sobre as condicións mínimas de accesibilidade que deben cumprir os seus establecementos.
- Servir de referencia ás entidades públicas responsables da promoción turística sobre o grado de detalle que deben recoller as guías e páxinas web do turismo en materia de accesibilidade.
- Contribuír a que a Ribeira Sacra se de a coñecer no ámbito nacional e internacional como destino turístico accesible.

10.-Accións de patrocinio e emprazamento publicitario

10.1.-Emprazamento publicitario na App Turisgalicia Ribeira Sacra.

10.2.- Emprazamento publicitario no European Universities Debating Championship, celebrado en Madrid e onde participaron estudantes de toda Europa.

10.3.-Patrocinio da participación do piloto Eduardo Iglesias no Dakar 2021

10.4.-Patrocinio da Gold River Race.

A Gold River Race é un evento deportivo de ámbito internacional que contou coa participación de 400 dos mellores especialistas mundiais K-2 e C-2.

10.5.-Patrocinio de La Vuelta

La Vuelta constitúe un dos eventos deportivos de maior prestixio a nivel internacional no eido do ciclismo.

10.6.- Patrocinio da Película Live is Life

Patrocinouse a estrea da película Live is Life, de Dani de la Torre que realizou a súa pre-estrea fai unhas semanas en Monforte.

10.7.- Patrocinio da AR World Championship

O evento deportivo AR World Championship 2021 é unha competición a nivel mundial que combina diferentes disciplinas deportivas -ciclismo, piragüismo, escalada, trekking, tratándose dun evento de aventuras ao máis alto nivel.

10.8.-Patrocinio do Resurrection Fest Limited 2021

10.9.-Patrocinio do Festival 17º Ribeira Sacra

11.- Cooperación cos Concellos: Plan Único

A colaboración cos diferentes concellos, produciuse a través dunha liña non obrigatoria dentro do Plan Único para financiar actividades.

12.- Premios de Turismo

	IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4	<b>Fecha y Hora</b>	02/02/2022 14:55:03	
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4</a>	<b>Página</b>	7/8	

	IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY	<b>Fecha y Hora</b>	04/02/2022 13:56:44	
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
<b>Firmado por</b>	PILAR GARCÍA PORTO			
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY</a>	<b>Página</b>	7/8	

Por segundo ano consecutivo, a Deputación de Lugo convocou os premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e “...E para comer, Lugo á gastronomía lucense”. Estes premios constitúen un recoñecemento honorífico á dedicación de distintas empresas, persoas, institucións ou entidades e aos méritos que concorren nas mesmas polo traballo realizado en prol do desenvolvemento, do fomento e da promoción turística provincial, a súa traxectoria profesional e a posta en marcha de actuacións innovadoras e exemplares.

#### 13.-Axuda aos Plans de Turismo

Nos Plans de Turismo Sostible concedidos a territorios desta provincia, tanto no Plan de Sostenibilidade da Mariña Lucense como o da Ribeira Sacra achégase unha colaboración cos concellos para o desenvolvemento destas importantes actuacións que son tamén financiadas polo Ministerio de Turismo para o noso territorio

#### 14.-Rutas fluviais

No ano 2021 contratouse o servizo de desenvolvemento dunha nova web para a xestión e comercialización das rutas fluviais e ao longo deste ano púxose en marcha as rutas fluviais con gran éxito.

Continúa a exposición sinalando que o traballo que se levou a cabo na Área de Turismo foi intenso, e que a entrega do persoal de turismo que están presentes aquí como os que non, foi total sendo conscientes da situación que está pasando o sector turístico e da necesidade de incrementar a confianza no turismo da nosa provincia e do turismo de proximidade; con dedicación plena e intentando sacar a diante todas as barreiras e, ao mesmo tempo, asesorando a todas as empresas coas dúbidas e tamén a todos os concellos que nos demandan información.

Neste sentido, non foi un ano doado para ninguén, e menos para o sector do turismo.

Finaliza a exposición preguntando aos asistentes se precisas dalgũa aclaración, ao non formularse ningunha pregunta, pásase ao seguinte punto da orde do día.

#### 3.- Rogos e preguntas.

Non se produciu ningunha pregunta ao respecto e non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión do Consello de Turismo, sendo as 19:39 horas.

V. e pr.


A Vicepresidenta do Consello de Turismo,

O Secretario,

Pilar García Porto

José Antonio Mourelle Cillero

	IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4	Fecha y Hora	02/02/2022 14:55:03	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CSMAODER4UVGM7UYFI57PH4</a>	Página	8/8	

	IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY	Fecha y Hora	04/02/2022 13:56:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO			
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CTXICLNZZ3NJ2CZH5E73ELY</a>	Página	8/8	